



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**ANUNCIO**

**ASUNTO: ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS DO SERVIZO DE AUGAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN A CANDIDATOS PROPOSTOS.**

**EXPTE TEDEC: 2024/E001/000004**

**DATA DE PUBLICACIÓN NO TAOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 26 DE XULLO DE 2024.**

De conformidade co disposto na Base 8ª da convocatoria de probas selectivas, para a provisión en propiedade, mediante o sistema de oposición, de dous oficiais do Servizo de Augas e a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación para os supostos do artigo 15.2 e 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, faise público o Decreto da Alcaldía de data 26 de xullo de 2024, mediante o cal se acepta a proposta do tribunal cualificador de contratación de dous oficiais do Servizo de Augas e se lle require documentación, decreto que a continuación se transcribe:

**“DECRETO DA ALCALDÍA**

**Asunto: ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS DO SERVIZO DE AUGAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN A CANDIDATOS PROPOSTOS.**

**EXPTE.: 2024/E001/000004**

Vista a acta e a proposta do Tribunal Cualificador do proceso de selección para a contratación laboral fixo, mediante oposición, de dous oficiais do Servizo de Augas (contrato a tempo completo) e a elaboración dunha bolsa de emprego do artigo 15.2 e 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET), correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Camariñas para o exercicio 2024.

Considerando que a proposta de contratación que fai o tribunal do proceso selectivo para a contratación de dous oficiais do Servizo de Augas que seguidamente se indica, basease na puntuación obtida por estes aspirantes no procedemento a cal figura a continuación:

NÚM.	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	77,90
2	SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	77,00

Considerando que dita proposta se axusta ao preceptuado polas bases da convocatoria, é polo que de conformidade co establecido na base novena e décima da convocatoria que rexe o procedemento de



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

selección e en uso das competencias que me atribúe o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

### ACORDO:

**Primeiro:** Aceptar a listaxe de aspirantes aprobados formulada polo tribunal cualificador no proceso de selección para a contratación de dous oficiais do Servizo de Augas correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Camariñas para o exercicio 2024.

**Segundo:** Aceptar a proposta realizada polo tribunal cualificador de contratación de dous oficiais do Servizo de Augas como persoal laboral fixo:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI
1	AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	***6436**
2	SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	***3855**

**Terceiro:** Requirit aos aspirantes propostos para a contratación para que **no prazo de dez días naturais**, contados a partir do día seguinte ao de publicación do presente acordo, no que se contén a relación de aprobados, presenten os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria. En concreto a documentación a presentar e a seguinte:

- Documento nacional de identidade mediante copia compulsada.
- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade específica prevista na lexislación vixente.
- Permiso de conducir mediante copia compulsada.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
- Documento acreditativo de conta bancaria.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

**Cuarto:** Aos efectos do previsto na base novena da convocatoria declárase deserta a lista de reserva/s para formación da bolsa de emprego por falta de aspirantes.

**Quinto:** Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

**Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial.**